



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



1

O Plano de Estudos de Xornalismo permite que os alumnos realicen no réxime de equivalencia ata 17 créditos polo concepto de Prácticas en Empresas, Institucións Públicas ou Privadas. O Acordo de Xunta de Goberno do 26 de xuño de 1995 no que se refire a Prácticas en Empresas establece no seu apartado 54 que se imputarán ós alumnos como créditos optativos baixo o epígrafe de "Prácticas en Empresas".

Os créditos que se cursen en réxime de equivalencia non poderán supera-los que autoriza o propio plano de estudos, así mesmo os créditos realizados baixo o Convenio no suposto de que excedan dos esixidos non poderán ser recoñecidos como créditos do currículo dos alumnos, así mesmo tampouco poderán fraccionarse os créditos realizados baixo un mesmo Convenio imputándoos a dúas ou máis categorías de créditos.

Por outro lado, o citado Acordo de Xunta de Goberno autoriza a que as materias optativas, sempre e cando se cursen en exceso das esixidas polo plano de estudos, poderán ser imputables como materias de libre configuración (apartado 76).

Conforme ós Convenios que asine a Universidade poderanse autorizar como libre configuración a realización de cursos ou actividades.


O suposto que se presenta nos estudos de Xornalismo respecto das Prácticas en Empresas é a posibilidade de imputar ditas Prácticas a créditos de libre configuración. Os Convenios que a regulan son previos ó Acordo de Xunta de Goberno que regula todo o procedemento e obviamente non recollen as especificacións de dita normativa.

Sustantivamente reúnense os requisitos de que ditas Prácticas estean amparadas en Covenios, se ben estos non realizan manifestación algunha sobre a imputación dos créditos; cuestión que deberá especificar nos sucesivos Convenios que se asinen e concretamente sobre a posibilidade de imputación de créditos como de libre configuración.

## POR TODO O EXPOSTO, ESTE RECTORADO RESOLVEU

**PRIMEIRO.-** Conforme ó Plano de Estudos de Xornalismo soamente poderáanse imputar como créditos optativos pola realización de Prácticas en Empresas un máximo de 17 créditos.

**SEGUNDO.-** Os créditos realizados ó abeiro dun determinado Convenio, deberán ser imputados na súa totalidade a créditos optativos ou de libre configuración.





# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


2

TERCEIRO.- Os créditos que o alumno realice o abeiro de un ou varios convenios que teñan por obxecto a realización de prácticas en empresas, poderán imputarse a créditos de libre configuración sempre que reunan algún dos seguintes requisitos:

a) Que o alumno tivera no seu expediente como créditos optativos o máximo de créditos que o plano de estudos permite imputar como prácticas en empresas.

b) Que o alumno teña realizados tódolos créditos optativos esixidos polo plano de estudos por ter cursadas materias pola totalidade dos mesmos.

Santiago, 25 de outubro de 1995  
O RECTOR



Darío Villanueva Prieto.

SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS, SR. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO, SR. XEFE DA U.X.A. CAMPUS NORTE.